

Asinado: Don Armando Castosa Alvariño: Alcalde -Presidente; Dona Ana Ramos Ramos: Secretaria Xeral (Asina ós efectos do artigo 2 do RD 1174/1987): Dona Cruz Anido Araujo: Interventora accidental(Asina aos efectos de declarar o acto Intervido e conforme)."

Cospeito a 15 de abril de 2013.- O ALCALDE -PRESIDENTE , Armando Castosa Alvariño

R. 3101

FOZ

Anuncio

Aprobación e exposición pública de Padróns fiscais e apertura do período de cobramento.

Por Resolución desta Alcaldía foron aprobados os seguintes Padróns de contribuíntes:

Padrón	Data resolución aprobación	Período de cobramento en voluntaria
Taxas por subministro de auga, canon auga, recollida de lixo e depuración 3º bimestre 2013	18 de xullo de 2013	15 de xullo de 2013 a 15 de setembro de 2013
Taxa pola prestación do servizo de escolas deportivas do mes de maio de 2013	12 de xullo de 2013	15 de xullo de 2013 a 15 de setembro de 2013
Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar dos meses de maio e xuño de 2013	12 de xullo de 2013	15 de xullo de 2013 a 15 de setembro de 2013

Expóñense ao público por prazo de vinte días hábiles, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra estes as reclamacións que consideren oportunas.

Iníciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determinanse os períodos de pagamento en voluntaria reflectidos.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iniciárase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven dos presentes padróns poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

Foz, 22 de xullo de 2013.- O ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA

R. 3063

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 24 de xullo de 2013, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para CONTRATACIÓN DA INSTALACIÓN, REINSTALACIÓN E MANTEMENTO DE XOGOS INFANTÍS, PAVIMENTO CONTINUO DE SEGURIDADE, VALADO E CARTEL INDICATIVO NUN ESPAZO EXISTENTE NA URBANIZACIÓN DO POLÍGONO NÚMERO 1 DE PARADAI NA CIDADE DE LUGO.

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descripción do obxecto: Instalación, reinstalación e mantemento de xogos infantís, pavimento continuo de seguridade, valado e cartel indicativo nun espazo existente na urbanización do polígono nº 1 de Paradai na cidade de Lugo.

b) Prazo de execución: Será de DOUS MESES contados dende a data de formalización do contrato administrativo, se ben o mantemento integral e conservación de toda a infraestrutura será de tres anos dende a acta de recepción, sen prexuízo do aumento ofertado polo contratista.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedimiento: aberto

4.- Tipo de licitación.

Valor estimado del contrato: 34.710,74 € (sen IVE)

5.- Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servicio de Contratación, Patrimonio e Fomento.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Teléfonos: (982) 29-71-45, 29-73-27

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: www.lugo.es (Zona de servicios: pertil do contratante)

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

6.- Requisitos específicos do contratista.

a) Outros requisitos: Os sinalados nos pregos de condicións

7.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula novena do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación:

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos nos pregos

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso): 2 meses.

8.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Centro de Servicios Municipales

b) Domicilio: Ronda Muralla 197- 3ª planta

c) Localidade: Lugo

d) Data: ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidese en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

9.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

10.- Gastos dos anuncios: 136,50 euros que serán por conta do contratista adxudicatario.

Lugo, 30 de xullo de 2013.- O ALCALDE, P.D. A TENENTE DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN, Sonia Méndez García

R. 3106

Anuncio

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día trinta e un de xullo de dous mil trece, adoptou, entre outros, o acordo nº 27/597, relativo a delegación de competencia no Excmo. Alcalde do Concello de Lugo para a aprobación das bases do proceso selectivo para a contratación temporal de dous xefes de brigada para a defensa contra incendios forestais, e para a aprobación das bases do proceso selectivo para a contratación temporal de dez peóns condutores para a defensa contra incendios forestais, así como para a aprobación da designación dos membros integrantes do tribunal dos ditos procedementos selectivos.

Lugo, 2 de agosto de 2013.- O ALCALDE EN FUNCIONES, Luis Manuel Álvarez Martínez

R. 3131
